



[Gal/Cast] Piden nas rúas de Compostela a absolución dos condenados “por defender a lingua”

SERMOS GALIZA :: 17/11/2014

Contra la sentencia que condena a estas seis personas a once años de prisión, fueron presentados una “serie de recursos”

Galego

Decenas de persoas percorreron **este** domingo o centro de Santiago para pedir a absolución dos acusados de “causar disturbios” durante a manifestación de Galicia Bilingüe que tivo lugar en 2009 na mesma cidade contra a promoción do galego no ensino.

Segundo Óscar Gómez, da plataforma Ceivar, “as probas empregadas pola fiscalía non demostran a participación destas persoas nos delitos que se lles imputan”. Gómez subliñou que, contra a sentenza que condena estas seis persoas a once anos de prisión en total, foron presentados unha “serie de recursos”, pero que “aínda **está** por ver a súa resolución”. Un dos afectados mesmo terá que ingresar na cadea.

A manifestación partiu da Alameda compostelá con consignas a prol do idioma propio e en medio dun notorio despregamento policial. A maiores da absolución dos seis condenados, a marcha tiña outro obxectivo: demandar un “cambio radical” nas “políticas lingüísticas planificadas e executadas pola administración”. A este respecto, Gómez denunciou que o galego, que vive unha “situación desesperada”, atópase en “claro retroceso”. “Se as políticas da Xunta seguen así, é cuestión de varias décadas que o galego acabe sendo minoritario ou, a longo prazo, acabe por desaparecer”, opinou.

Castellano

Decenas de personas recorrieron este domingo el centro de Santiago para pedir la absolución de los acusados de “causar disturbios” durante la manifestación de Galicia Bilingüe que tuvo lugar en 2009 en la misma ciudad contra la promoción del galego en la educación.

Según Óscar Gómez de la plataforma Ceivar, “las pruebas empleadas por la fiscalía no demuestran la participación de estas personas en los delitos que se les imputan”. Gómez subrayó que, contra la sentencia que condena a estas seis personas a once años de prisión en total, fueron presentados una “serie de recursos”, pero que “aún está por ver su resolución”.

Uno de los afectados incluso tendrá que ingresar en la cárcel

La manifestación partió de la Alameda Compostelana con consignas a favor del idioma propio y en medio de un notorio despliegue policial. Además de la absolución de los seis condenados, la marcha tenía otro objetivo: demandar un “cambio radical” en “las políticas lingüísticas planificadas y ejecutadas por la administración”. A este respecto, Gómez

denunció que el galego vive una “situación desesperada”, se encuentra en “claro retroceso”. “Si las políticas de la Xunta siguen así, es cuestión de varias décadas que el galego acabe siendo minoritario o, a largo plazo, acabe por desaparecer”.

<https://galiza.lahaine.org/gal-cast-piden-nas-ruas>